

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 19 de setembro de 2003, da Dirección Xeral de Persoal, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade de danza.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para o corpo e profesores de música e artes escénicas na especialidade de danza.

O prazo para presenta-la instancia solicitude, na consellería ou nas delegacións provinciais, será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no DOG.

O baremo axustarase ó publicado no anexo desta resolución.

O modelo de solicitude atópase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais.

A asignación da puntuación que lles corresponde ós concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría pri-

meira para efectos do previsto no Decreto 299/1990, do 24 de maio.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2003.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

ANEXO

Baremo de contratación para prazas de interinidades ou substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade danza.

1. Criterio preferente:

Estar en posesión do título profesional de danza clásica ou española ou certificado de estudos acreditativo da finalización destes estudos.

2. Méritos académicos.

2.1. Expediente académico.

- Pola nota media de notable na titulación alegada para acceso ás prazas: 1 punto.

- Pola nota media de sobresaínte na titulación alegada para acceso ás prazas: 2 puntos.

2.2. Por cada título oficial de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto ó alegado como preferente: 1 punto.

2.3. Por cada título oficial de diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico distinto ó alegado como preferente: 0,50 puntos.

2.4. Por cada título de profesor de conservatorio de música distinto do alegado como preferente non asumido no punto 2.2.: 0,50 puntos.

2.5. Polo certificado de especialista en lingua galega: 1,50 puntos.

2.6. Polo certificado de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

2.7. Polo certificado de iniciación de lingua galega: 0,50 puntos.

Os puntos 2.5, 2.6 e 2.7 son incompatibles entre si.

3. Experiencia docente: ata un máximo de 6 puntos.

3.1. Por cada ano de experiencia docente en ensinanza de danza en centros autorizados: 1 punto.

3.2. Por cada ano de experiencia docente noutras ensinanzas: 0,25 puntos.

4. Experiencia profesional: ata un máximo de 8 puntos (unicamente será avaliable a experiencia acadada nos últimos 12 anos).

4.1. Coreografías propias estreadas: ata un máximo de 7 puntos.

4.2. Pola participación en producións dancísticas: ata un máximo de 3 puntos.

5. Outros méritos:

5.1. Publicacións, artigos, libros, relacionados coa especialidade: ata un máximo de 2 puntos.

5.2. Por cursos relacionados coa especialidade: 0,10 puntos por cada 10 horas, ata un máximo de 2 puntos.

De tódolos méritos alegados deberá achegarse a correspondente documentación xustificativa.

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Orde do 19 de setembro de 2003 pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de dez postos de traballo vacantes na Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de dez postos de traballo vacantes na Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, mediante Orde do 20 de maio de 2003 (DOG nº 102, do 28 de maio), de conformidade co establecido na base sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Resolver definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación,

de dez postos de traballo vacantes nesta Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, anunciada pola Orde do 20 de maio de 2003 (DOG nº 102, do 28 de maio).

Segundo.-Declarar deserto o posto de traballo convocado pola Orde do 20 de maio de 2003 (DOG nº 102, do 28 de maio), denominado:

Xefe do Servizo de Deportes.

Código: PR.P49.10.000.27001.001.

Nivel: 28.

Complemento específico: 9.309,72.

Grupo: A, B.

Corpo/escala: xeral.

Tipo de adscrición: A11.

Formación específica: 640.

Centro de destino: Servizo Territorial de Lugo (sección Deporte).

Localidade: Lugo.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta conselleira, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2003.

Pilar Rojo Noguera

Conselleira de Familia, Xuventude,

Deporte e Voluntariado

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DEZ DA CORUÑA

Cédula de citación (467/2002).

Montserrat del Valle Prieto, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña, dou fe que nos autos de proposta de adopción que se seguen neste xulgado co número 467/2002, acordouse a citación de Catalina Estévez Godoy, mediante publicación da seguinte cédula de citación:

«En virtude do acordado polo maxistrado-xuíz de Primeira Instancia número dez da Coruña e o seu partido, en resolución desta data, nos autos de proposta de adopción número 467/2002, que se seguen neste xulgado, acordouse citar a Catalina Estévez Godoy, actualmente en paradiro descoñecido, co fin de que o día 31 de outubro ás 9.30 horas, compareza neste xulgado para práctica de dilixencias,